

Illa
Bucle
Groenlandia

Se nos achegamos á forma de mirar, de ver, de ollar... de margarita ledo, acharemos un mundo permeabilizado por unha identidade, outra, a das alteridades, que pon no foco tanto á neve, como ao equilibrio, como á loita. Neve, loita, equilibrio... trata-se de procesos de construción doutras vidas, a das personaxes, nos que o real está sempre presente.

A realidade que nos, lle fai, gardar o surrealismo no corazón, nun corazón frío... así o de breton vendo os debuxos de nadja, para el horríbeis. Así o seu corazón conxelado. Así o amor tamén.

Estamos perante 3 curtas inéditas que designifican a perda, e atopamos o encontro, nunha corda frouxa; e no silencio dos berros que non emitimos. Na frialdade do xeo que desaparece coa calor. Emanado dos corpos destas mulleres, encalidecemos nós mesmas; até a extenuación. Porque aceptamos o reto.

E proclamamos a consigna de termos todas,
todo o tempo. Unidas nun bucle temporal
que nunca nos fai estar soas. As mulleres
republicanas e a súa resistencia a
postulados fascistas e patriarcais.

Vén sendo a loita por excelencia do século pasado. E mentres, maría casares escolle un vestido de cor branca; e casa con marcel camus. E o amor permanecerá para sempre. Ese vestido é a expresión visual en m. ledó dun fragmento amoroso que no inocuo ficará como imaxe transcendente.

Non hai apenas voz nestas 3 curtas pero si escoitamos as reivindicacións no espazo de san simón, na illa destas mulleres. A súa voz remite ao seu corpo, ausente, e po-no fóra de campo. Unha aparición, unha alma, un espírito. Colectivo.

Gravar- en *mise-en-abime*, un recurso que nos ofrece o corpo, e o espírito, de margarita ledó. Ela tamén unha personaxe das súas obras. E vemo-la coa cámara, facendo o que a ela máis lle gusta. Facer cinema. O cinema, un lugar onde pousar a cabeza. Ela que ten os seus espazos predilectos: París, Galiza, Cuba....

E está atravesada por eles, tamén Portugal, pero podemos dicir que m. ledó e unha "afrancesada", porque a guerra da independencia non nos obsequiou co estado francés, e ficamos á marxe de europa.

A pureza, a cor branca, nun mundo cheo de escuridade e incertezas. A verdade como material fundamental do cinema. E si, o real, a política, en tódalas súas manifestacións. As mulleres que loitan por unha realidade máis pura, máis certa. Unha realidade que nos permitiría a todas ser máis felices.

Porque m. ledos é feliz. E esa felicidade tamén lla trae o cinema. E nós somos felices ollando. Ollando-a. Ollando-nos. Mulleres que berran, que se queren, que transitan os mesmos espazos, os mesmos tempos, xuntas.

A soidade queda á marxe e mantemo-nos nas mesmas coordenadas: "eu só quero ser o teu amigo". A amizade, motor *sine qua non* dunha batalla na que permaneceremos unidas. E penduramo-nos no ar, sen medo, unha coa outra, porque aquí non é posíbel a caída.

Só os voos. Só voar. Paxaros que cantan porque son libres. Sen medo a caer, a deixar o ceo. Un ceo xélido que arrefría todo o territorio. Unha praza chea de xeo. Unhas esculturas naturais, modeladas pola forza dos ventos e rexistra-o. Rexistramos o que queremos "pour toujours". Tal cal esa escultura de pedra; o corpo dunha muller núa. O cinema.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal

ronsel pan